

# ATORMENTADA

Alfred Hitchcock, 1949

# 1143

ESTREA EN NUMAX: 24.07.2023 | V.O.S.E. | 117 min

Australia, 1835, Charles Adare múdase a Sydney buscando unha vida mellor. Alí, atópase cun poderoso empresario e cun antigo preso, Sam Flusky, casado coa súa curmá Lady Harrietta. Durante o tempo que convive con eles, Charles dáse conta de que a súa prima é alcólica e precisa axuda. Sen case darse conta, namora dela.

«Dunha forza expresiva fóra do común»

Leonardo D'Espósito, REVISTA NOTICIAS



## Unha aura de culpa e represión

Por Dave Kher

Facilmente considerable entre a media ducia de mellores películas de Alfred Hitchcock, *Atormentada* foi infravalorada sen sentido durante moito tempo polo mero feito de non ser un *thriller*. Ambientada na Australia colonial, nun intre en que moitos dos cidadáns eran convictos que traballaban para cumpriren condenas, o filme segue unha muller da nobreza irlandesa (Ingrid Bergman) e o seu marido de clase máis baixa (Joseph Cotten) rodeado dunha aura infernal de culpa e represión. Nunca a obsesión de Hitchcock coa morte e a sexualidade recordou máis a Lawrence (a comparanza, en todo caso, parece desfavorable para D.H.). Filmada en abraiantes e elaboradas tomas longas, este é o tipo de filme que atopa a poesía máis brillante no mínimo movemento da cámara. Eis o paradigma da expresión cinematográfica.

Publicado en [chicagoreader.com](http://chicagoreader.com)  
Traducido do inglés

## Cara a unha arte total

Por Olivier Père

Realizada en 1949 con Ingrid Bergman, Joseph Cotten e Michael Wilding como intérpretes principais, *Atormentada* pode considerarse como un dos maiores fracasos comerciais de Hitchcock, que ademais era o produtor do filme. Trátase dunha das escasas incursións do cineasta no drama de costumes, filmado en Technicolor nos estudos da Elstree, unha produtora independente británica. *Atormentada* foi concibida para Ingrid Bergman, na que sería a derradeira colaboración da actriz sueca co director británico.

A respecto deste fermoso filme, Jean Domarchi escribiría para Cahiers du Cinéma que se trata dunha obra mestra descoñecida na carreira do cineasta. É certo que *Atormentada* foi incomprendida polo público e a crítica no momento da súa estrea. As razóns son simples: Hitchcock descarta o suspense ou a comedia policíaca para asinar un melodrama de costumes, unha historia sobre a neurose e a resistencia practicamente desprovista de acción.

No seu novo, ambicioso e persoal proxecto, despois de ter feito *A soga* (1948), Hitchcock conserva o mesmo principio estético de posta en escena do seu filme precedente, pero mellorándoo e conferíndolle un significado máis sutil. *Atormentada* non repite o *tour de force* d'*A soga*, construída nun ilusorio único plano. O uso sistemático de planos secuencia longos, fluídos e complexos vai alén de vontades experimentais para se integrar unha comprensión máis clásica do cinema. É en *Atormentada* onde aparece máis claramente esta preocupación pola arte total que mestura o teatro (cos longos monólogos de Ingrid Bergman) coas técnicas da escrita cinematográfica, empurrada aquí a un alto nivel de invisibilidade e sofisticación.

Este sublime filme é testemuño da xenialidade dun artista que quixo facer cinema para o maior número de persoas posibles pero cuxos fracasos comerciais, tanto *Atormentada* como *Vertigo* unha década despois, revelan aínda máis a súa ambición e personalidade.

Publicado en [arte.tv](http://arte.tv)  
Traducido do francés



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/libreria](http://numax.org/libreria)

*Vertigo*,  
Alfred Hitchcock.  
Universal Pictures [DVD]

*La soga*,  
Alfred Hitchcock.  
Universal Pictures [BD]

*El cine según Hitchcock*,  
François Truffaut.  
Alianza Editorial, 2010